

festival sustentable

A margarida verde

Parque Santa Margarita

Do 13 maio ao 4 de xuno



FESTIVAL DE ARTE E DESENVOLVEMENTO CULTURAL SUSTENTABLE "AMARGARIDA VERDE"

Sábados e Domingos, do 13 de Maio ao 4 de Xuño

Festival encadrado no **plan de acción "Cultura de Barrio"**

destinado á difusión de valores socioculturais e dinamización cultural dos espazos públicos da cidade.

#culturadebarrio

Un dos instrumentos más importantes para garantir unha cidadanía crítica e implicada na súa contorna son as asociacións e colectivos culturais. Desde a **área de Cultura do Concello da Coruña** apoian a realización do noso festival que busca potenciar o desenvolvemento de actividades culturais na cidade, en concreto, no parque de Santa Margarita, un dos seus principais espazos verdes.

O noso obxectivo é a revalorización e reconexión cos espazos públicos utilizando a creatividade e a arte como fío condutor. A través de intervencións artísticas e obradoiros colaborativos buscamos recuperar os espazos públicos como puntos de encontro, onde compartir e xerar coñecemento e habilidades a través da aprendizaxe colectiva. Desta maneira creamos espazos de lecer alternativos de arte e cultura, tecendo lazos comunitarios nos barrios, e logrando unha transición do individual ao colectivo e do consumo á creación, cooperación e sustentabilidade.

Co festival "AMARGARIDA VERDE" queremos avivar a contorna do parque de Santa Margarita con propostas artísticas e culturais, levántoas á rúa e outorgando aos espazos naturais un novo valor recreativo e formativo diferente.



UBICACIÓN DAS ACTIVIDADES

13 MAIO

- 1 arte mural
 - 2 vestindo árbores
 - 3 resiliencia arbórea
- 14 MAIO**
- 1 arte mural
 - 2 vestindo árbores
 - 4 estructuras vexetais

20 MAIO

- 5 compostaxe e hortas en espiral
 - 6 movemento creativo
 - 7 ciclo de cine verde
- 21 MAIO**
- 1 arte mural
 - 8 arboteca
 - 6 movemento creativo
 - 9 cúpulas xeodésicas

ACTIVIDADES DURANTE TODO O FESTIVAL

arte nas árbores
caza de sóns e imaxes

LUGAR: EN TODO O PARQUE

27 MAIO

- 10 gymkana das margaridas
 - 11 ioga colectivo
 - 7 ciclo de cine verde
- 28 MAIO**
- 12 performance
 - 13 títerecicle
 - 14 música reciclada
 - 15 contacontos

3 XUNIO

- 16 cosmética natural
 - 17 papiroflexia
 - 18 ser e sentir
- 4 XUNIO**

19 XORNADA DE CONTRACONSUMO

ROMERÍA VERDE:

mercadiño de productos locais e artesanais

mercadiño de segunda man
encontro alargascencia

actuacións musicais
comida no parque
timba poética



PARQUE DE SANTA MARGARITA

CALENDARIO DE ACTIVIDADES

• MAYO •
13
SABADO

- ✓ Arte mural
- ✓ Vestindo árbores
- ✓ Resiliencia arbórea
- ✓ Arte nas árbores
- ✓ Caza de sons e imaxes

• MAYO •
14
DOMINGO

- ✓ Arte mural
- ✓ Vestindo árbores
- ✓ Estruturas de vimbio vivo
- ✓ Arte nas árbores
- ✓ Caza de sons e imaxes

• MAYO •
20
SABADO

- ✓ Arte mural
- ✓ Compostaxe e hortas
- ✓ Movemento creativo
- ✓ Ciclo de cine verde
- ✓ Arte nas árbores
- ✓ Caza de sons e imaxes

• MAYO •
21
DOMINGO

- ✓ Arte mural
- ✓ Arboteca
- ✓ Movemento creativo
- ✓ Cúpulas xeodésicas
- ✓ Arte nas árbores
- ✓ Caza de sons e imaxes

• MAYO •
27
SABADO

- ✓ Flora e fauna do parque
- ✓ Ioga colectivo
- ✓ Ciclo de cine verde
- ✓ Danza performance
- ✓ Arte nas árbores
- ✓ Caza de sons e imaxes

• MAYO •
28
DOMINGO

- ✓ Títerecicle
- ✓ Música reciclada
- ✓ Contacontos
- ✓ Arte nas árbores
- ✓ Caza de sons e imaxes

• JUNIO •
3
SABADO

- ✓ Cosmética natural
- ✓ Papiroflexia
- ✓ Ser e Sentir
- ✓ Arte nas árbores
- ✓ Caza de sons e imaxes

• JUNIO •
4
DOMINGO

- ✓ Mercadiño produtos locais
- ✓ Mercadiño de segunda man
- ✓ Xuntanza alargascencia
- ✓ Actuacións musicais
- ✓ Comida no parque
- ✓ Timba poética
- ✓ Arte nas árbores
- ✓ Caza de sons e imaxes



Descripción da actividad:

Queres participar nun gran mural artístico? Ven, pinta e crea: deixa a túa pegada nesta proposta de arte mural colectiva. Só precisas gañas de colaborar, pintar e divertirte.

Neste obradoiro, da man da cooperativa Cestola na Cachola, crearemos un deseño que aportará cor e arte á contorna, achegando xs participantes ás técnicas de composición e tradución do papel ao muro, o tratamento das cores pigmentos e a súa aplicación para a creación de luces.

Dirixido a: Toda persoa con inquedanzas artísticas, a partires dos 16 anos.

Qué precisas: as túas gañas de crear.

Facilitadores:

Xoana Almar e Miguel Peralta traballan xuntos no marco da pintura combinando a creación individual coa conxunta. En 2013 constitúiron a cooperativa galega Cestola na Cachola, onde desenvolven a parte artística: murais, estampación, ilustración de contos, carteis, pinturas, serigrafías.

Con unha ampla experiencia como muralistas participaron en diversos festivais e proxectos de arte urbana como DesOrdes Creativas 2013, Rexenera fest 2015, Murais en la Ribeira Sacra 2015 e diferentes exposicións propias e colectivas.

Máis info: <http://www.cestolanacachola.org/>



	Datas:	13, 14, 20 e 21 de Maio
	Horario:	de 11 a 14 e de 16 a 19 horas
	Lugar:	zona do anfiteatro (ver mapa)
	Actividade:	en grupo, gratuita
	Participantes:	20
	Claves:	arte, imaxinación, crear

En caso de choiva, instalaranse unhos toldos para a realización da actividade.



Descripción da actividade:

Fíos, teas e las de cores que se entrecruzan, debuxan e poden vestir a contorna. Convidámose a vestir as árbores do parque de forma artística, visibilizánndoas e resignificando a súa beleza.

Dúas xornadas nas que partillar coñecemento, onde os límites entre arte e natureza difumínanse e nas que desfrutar do parque e do día de forma distinta. Ven a vestir árbores ao parque, a rir e a coñecer xente.

Dirixido a: toda persoa con inquedanzas artísticas, con gusto por crear coas mans, sexa calcetar, bordar, ganchillar, crear. Sen límite de idade.

Qué precisas: trae a túa lá, agullas e calquera tecido vello que atopes na casa.

Facilitadores: colectivo Loairas



Datas: 13 e 14 de Maio

Horario: de 12 a 14 horas

Lugar: zona de arbolado ([ver mapa](#))

Actividade: en grupo, gratuita

Claves: arte, imaxinación, crear, compartir, natureza, reflexión



Descripción da actividad:

Es consciente do número de árbores que son talladas ao ano? Visibilicemos esta talla dun xeito artístico: sinalaremos con cores e de forma estética cada un dos troncos das árbores cortadas. Faremos un percorrido consciente polo parque para manifestar a conexión entre as árbores e as persoas. Reconectaremos con elas.

Empregaremos a arte coma ferramenta de denuncia e resposta social, colectiva e colaborativa. Transformaremos as árbores talladas en lenzos para, pintando sobre elas, sinalar, dignificar, realzar e revivilas.

Dirixido a: toda persoa con inquedanzas artísticas, grandes e cativos. Sen límite de idade.

Qué precisas: se o desxas podes traer os teus pinceis e as tuas gañas de crear.

Facilitadores: colectivo Loairas



Datas:	13 de Maio
Horario:	de 16 a 19 horas
Lugar:	zonas de arbolado (ver mapa)
Actividade:	en grupo, gratuita
Participantes:	15
Claves:	arte, imaxinación, crear, compartir, natureza, reflexión



Descripción da actividad:

Son o cemento, o ladrillo, o pvc... os únicos materiais de construcción? Todo o que construímos debe ser permanente, definitivo e estático? Atréveste a construir unha estrutura viva coas tuas mans?

Aprende a construír estruturas de vimbio, tecéndoo, empregándoo como material estructural, vivo e duradeiro. Crearemos de xeito colaborativo unha estrutura viva, cambiante, que medrará e florecerá, realizada como un túnel natural.

Buscamos potenciar a creatividade a través da construcción, á vez que reflexionamos sobre ela. Estas construccóns vivas canalizan novas ideas sobre o emprego do espazo público e a participación social, conectando cidade e natureza. Unha forma distinta de adaptarse ás necesidades da contorna, construídas con materiais naturais, de forma colectiva e coa posibilidade de construírse case en calquera lugar.

Dirixido a: toda persoa interesada en aprender a construir con materiais naturais. Non son precisos coñecementos previos. A partires de 16 anos, aínda que @s menores terán que vir acompañad@s dun/ha adult@.

Qué precisas: trae as tuas luvas de traballo e gañas de construir.

Facilitadores: Marta Salgado, arquitecta técnica e arquitecta de interiores, membro de ESPIGA, Asoc. Galega para a Bioconstrucción.

Máis info: <https://arqtesania.wordpress.com/>



Datas:	14 de Maio
Horario:	de 16 a 20 horas
Lugar:	camiño dentro do parque (ver mapa)
Actividade:	en grupo, gratuita
Participantes:	15
Claves:	arte, imaxinación, crear, compartir, natureza, reflexión

En caso de choiva, instalaranse unhos toldos para a realización da actividade.



Descripción da actividad:

Que fazer cos residuos orgánicos que xeras en casa? Por que non empregas ese pequeno espazo do teu balcón ou terraza para cultivar? Opcións ecolóxicas, sinxelas e revolucionarias.

Aprenderás como transformar os teus residuos orgánicos en fertilizante natural para que a túa horta ou xardín urbano florezan de maneira sustentable. Tamén descubrirás como poñer en marcha unha horta en espiral de herbas medicinais e aromáticas de forma sinxela.

Dirixido a: todas aquellas persoas con interese de xestionar os residuos orgánicos mediante a compostaxe caseira e comunitaria e tamén, de aprender a reproducir e cultivar as súas propias plantas aromáticas, medicinais e culinarias. Non é necesario ter coñecementos previos. A partires de 18 anos.

Qué precisas: roupa para mancharse e luvas.

Facilitadores: María R. Lafuente, de Asociación ADEGA (Asociación para a Defensa *Ecolólica de Galiza) e Rubén Escuredo.



	Datas:	20 de Maio
	Horario:	de 11 a 14 horas
	Actividade:	en grupo, gratuita
	Participantes:	12
	Lugar:	zona verde (ver mapa).
	Claves:	crear, compartir, natureza, reflexión

En caso de choiva, instalaranse unhos toldos para a realización da actividade.



Descripción da actividad:

Baila, móvete e conecta co teu corpo e a contorna que che rodea: déixate levar! A través do teu corpo, como guía e conexión coa túa respiración, exploraremos a nosa relación co medio. O movemento e o ritmo serán as ferramentas para atravesar diferentes fases de desbloqueo e consciencia corporal. Conectaremos mente, corpo e emoción para conseguir un maior benestar, conectándonos de maneira profunda co mundo que nos rodea.

Dirixido a: toda persoa que queira desenvolver as súas capacidades creativas a través do corpo e o movemento. Non son necesarios coñecementos previos.

Qué precisas: roupa e calzado cómodos.

Facilitadores: Iria Fernández do centro Dhara de psicoloxía humanista, terapeuta gestalt e corporal.

Máis info: <https://es-la.facebook.com/Centro-de-Psicoterapia-Dhara-291134994413744/>



Datas: 20 e 21 de Maio

Horario: de 16 a 18 horas.

Actividade: en grupo, gratuita

Participantes: 15

Lugar: zona verde ([ver mapa](#))

Claves: crear, compartir, natureza, sentidos

En caso de choiva, a actividade trasladarase ao centro cívico



Descripción da actividade:


O cinema non sempre significa maxia e evasión da realidade. Ás veces fálanos das nosas realidades e problemáticas, facéndonos preguntas, obligándonos a pensar, a ir máis aló. Como espectadores deixamos de ser pasivos e buscamos respostas: ven e goza do cinema de forma consciente e reflexiva.

A través de varias proxeccións convidámossos a reflexionar sobre diferentes problemáticas sociais, ambientais e de xénero.

Dirixido a: persoas interesadas no cinema, a imaxe e as artes.



-
- 📅 Datas:** 20 e 27 de Maio
 - ⌚ Horario:** de 18 a 20 horas
 - 📍 Lugar:** Centro Cívico Santa Margarita ([ver mapa](#))
 - ▢ Actividade:** en grupo, gratuita
 - 👥 Participantes:** ata completar aforamento
 - ✓ Claves:** compartir, natureza, sentidos, reflexión



Descripción da actividad:

Por que non liberamos os libros e levámoslos a outros espazos, fóra de bibliotecas e librerías, lonxe das 4 paredes? Por que non compartimos as historias que nos emocionan e intercambiamos libros de forma espontánea? Por que non sacamos os libros á rúa e aos parques?

Axúdanos a construír unhas sinxelas libreras, recicladás e libres, que sirvan como almacén de libros para compartir, a disposición de todos. Estas arbotecas, bibliotecas públicas e ao aire libre, integraranse no parque para fomentar o intercambio de libros e a lectura nun medio natural como é o parque.

Dirixido a: lectores empedernidos con inquedanza en construír sinxelas estruturas. A partir de 16 anos.

Qué precisas: Se queres, trae un libro (ou máis!) para compartir na nosa arboteca.

Facilitadores: Iulian Paraschiv. Escultor, make-up artist, construtor de soños.



📅 Data: 21 de Maio

⌚ Horario: de 11 a 14 horas

📍 Actividade: en grupo, gratuita

👥 Participantes: 12

📍 Lugar: zona de mesas cubertas ([ver mapa](#))

✓ Claves: arte, reciclar, compartir, natureza, sentidos



Descripción da actividad:

Son o cemento, o ladrillo, o pvc... os únicos materiais de construcción? Todo o que construímos debe ser permanente, definitivo e estático? Atréveste a construir unha estrutura xeodésica coas túas mans?

Crearemos unha serie de figuras xeométricas tridimensionais, e así aprenderemos os principios básicos das estruturas trianguladas: varios dos poliedros básicos, continuando con cúpulas e bóvedas xeodésicas. Iremos más aló e construiremos as nosas propias estruturas baseándonos en todo o aprendido.

Buscamos potenciar a creatividade a través da construcción, á vez que reflexionamos sobre ela. Estas construcións efémeras canalizan novas ideas sobre a utilización do espacio público e a participación social, conectando cidade e natureza. Unha forma diferente de adaptarse ás necesidades da contorna, construídas con materiais innovadores e reciclables, de baixo custo, de forma colectiva e coa posibilidade de construírse en case calquera lugar, podendo desmontarse, en caso de ser necesario.

Dirixido a: A partir de 10 anos (mesmo 8 anos).

Qué precisas: trae as túas luvas de traballo e ganas de construir.

Facilitadores: Víctor González, arquitecto, membro de ESPIGA, Asoc. Galega para a Bioconstrucción.

Máis info: <http://espigabioconstrucion.org>



	Datas:	21 de Maio
	Horario:	de 16 a 19 horas
	Lugar:	zona verde (ver mapa)
	Actividade:	en grupo, gratuita
	Participantes:	15
	Claves:	arte, imaxinación, crear, compartir, natureza, reflexión

En caso de choiva, instalaranse unhos toldos para a realización da actividade.



Descripción da actividade:

Queres coñecer a riqueza natural de Santa Margarita? Flora e fauna agardan ser descubertas por aqueles visitantes que abran os seus ollos á natureza. Conócea e gózaa dunha forma activa e dinámica, só ou en familia, a través dunha ruta interpretativa guiada por este emblemático espazo verde da Coruña.

E se tes prismáticos e cámara de fotos, tráeos! A sorpresa pode estar en calquera rama, sebe ou pedra.

Dirixido a: todas aquelas persoas amantes da natureza. Sen límite de idade.

Qué precisas: se o desexas, podes traer os teus prismáticos.

Facilitadores: Grupo Naturalista HABITAT.

Máis info: <http://gnhabitat.org>



	Datas:	27 de Maio
	Horario:	de 11 a 13 horas
	Lugar:	todo o parque de Sta. Margarita. (ver mapa)
	Actividade:	en grupo, gratuita
	Participantes:	30
	Claves:	imaxinación, compartir, natureza, sentidos, reflexión

En caso de choiva, a actividade trasladarase ao centro cívico.



Descripción da actividade:

Ven ao parque e conecta coa natureza: un lugar diferente, ao aire libre, natural, para reconectar co teu corpo e a contorna. Anímaste?

Dirixido a: yoguis e todo aquel con ganas de iniciarse no ioga, nunha contorna natural e diferente, de forma colectiva.

Qué precisas: roupa e calzado cómodos.



📅 Data: 27 de Maio

⌚ Horario: de 17 a 19 horas

📍 Lugar: zona verde ([ver mapa](#))

﴿ Actividade: en grupo, gratuita

✓ Claves: compartir, natureza, sentidos, conectar

Se o desejas, podes realizar unha achega que irá destinada á ONG Miradas do Mundo.




Foto: Ana Kala

Descripción da actividad:

Unha obra escénica que integra, corpo performativo, movemento, música, technoloxía, antropoloxía, espiritualidade, technochamanismo e natureza.

É unha performance escénica que busca recuperar unha identidade ancestral renegada por unha civilización materialista e capitalista. A actriz dálle vida ao corpo morto dun indio a través da danza butoh . Esta primeira parte é unha pintura da ausencia, inspirada na recuperación da memoria dos indios norteamericanos. É unha procura dentro do territorio do inaprensible, do fráxil, do que bordea a desaparición.

Artista: Carolina Fernández é creadora escénica multidisciplinar, actriz, performer. O seu traballo é unha exposición en vivo onde videocreacións, poesía, teatro, movemento e performance combínanse en busca dunha linguaxe propia.

Qué precisas: gañas de sorprenderte.



Datas:	27 de Maio
Horario:	de 22 a 23 horas
Lugar:	zona verde (ver mapa)
Actividade:	gratuita
Claves:	natureza, sentidos, conectar, crear, arte

Se o desejas, podes realizar unha achega que irá destinada á ONG Miradas do Mundo.



Descripción da actividade:

Calcetíns que se converten en monigotes parlanchíns, botes de iogur con forma de paxaro, tapóns que se transforman en serpes de cores... e se lle damos unha segunda oportunidade a todo eses botes? E se miramos con outros ollos o lixo e transformámolo en arte e xogo?

Desenvolveremos a imaxinación e a creatividade de pequenos e maiores realizando monicreques a partir de material de desfeito, para rematar recreando unha pequena obra entre todos.

Dirixido a: pequenos e grandes, a partir de 5 anos.

Qué precisas:

se o desexas, podes traer material para reciclar, dende cartóns, cordas, latas, ... ou todo aquilo que se che ocorra.

Facilitadores: colectivo Loairas



Data: 28 de Maio

Horario: de 11 a 14 horas

Lugar: zona mesas cubertas ([ver mapa](#))

Actividade: en grupo, gratuita

Participantes: 12

Claves: natureza, sentidos, crear, arte, reciclar

En caso de choiva, a actividade trasladarase ao centro cívico.



Descripción da actividade:

Por que creamos música só con instrumentos? Hai música escondida nos obxectos máis inesperados: bótalle imaxinación e crea o teu instrumento personalizado.

Con elementos naturais e de desfeito, fabricaremos instrumentos musicais sorprendentes. Colectivamente, formaremos unha reciclorquesta, ofrecendo un pequeno concerto cos instrumentos creados no obradoiro.

Dirixido a: pequenos e grandes, a partir de 5 anos.

Qué precisas: se o deseñas, podes traer material para reciclar, dende cartóns, cordas, latas, ou todo aquilo que se che ocorra.

Facilitadores: colectivo Loairas.



	Datas:	28 de Maio
	Horario:	de 16 a 18 horas.
	Lugar:	zona mesas cubertas (ver mapa)
	Actividade:	en grupo, gratuita
	Participantes:	12
	Claves:	arte, crear, natureza, reciclar

En caso de choiva, a actividade trasladarase ao centro cívico.



Descripción da actividade:

Contos para pequenos e maiores, para escutar, participar e gozar: a arte de narrar, a aventura de escutar.

Dirixido a: grandes e pequenos, sen límite de idade.

Qué precisas: ganas de disfrutar dunha boa historia.

Facilitadores: a contadora de historias Sara Lebedynski Laxe



Datas: 28 de Maio

Horario: de 18 a 19 horas

Lugar: zona mesas cubertas ([ver mapa](#))

Actividade: en grupo, gratuita

Participantes: 12

Claves: sentidos, arte

En caso de choiva, a actividade trasladarase ao centro cívico.

Se o desexas, podes realizar unha achega que irá destinada á ONG Miradas do Mundo.



Descripción da actividade:

Queres aprender a elaborar os teus propios xabóns, naturais e artesanais?

De maneira sinxela e artesanal, descubre como facer xabóns de coidado persoal e de limpeza.

Dirixido a: a partir de 18 anos.

Qué precisas: trae medio litro de aceite de oliva (non de bagazo), delantal, un trapo, luvas de látex e lentes de seguridade.

Facilitadores: O Gato Hipster

Máis info:

<https://es-la.facebook.com/CosmeticaElGatoHipster/>



	Datas:	3 de Xuño
	Horario:	de 11 a 13 horas
	Lugar:	zona mesas cubertas (ver mapa)
	Actividade:	en grupo, gratuita
	Participantes:	10
	Claves:	sentidos, arte, crear, reciclar

En caso de choiva, a actividade trasladarase ao centro cívico.

Se o desexas, podes realizar unha achega que irá destinada á ONG Miradas do Mundo.



Descripción da actividad:

"Origami", en xaponés, significa "dobrar papel". Comeza a facer a primeira doblez e a crear seres e figuras sorprendentes.

Aprende a arte de dar forma a un anaco de papel, con imaxinación, paciencia e constancia. Non hai límite!

Dirixido a: a pequenos e grandes.

Facilitadores: Oriku (Antonio Seijo Rosende)



Datas: 3 de Xuño

Horario: de 16 a 18 horas

Lugar: zona mesas cubertas ([ver mapa](#))


Actividade: en grupo, gratuita

Participantes: 12

Claves: sentidos, arte, crear, reciclar

En caso de choiva, a actividade trasladarase ao centro cívico.

Se o desexas, podes realizar unha achega que irá destinada á ONG Miradas do Mundo.



Descripción da actividade:

Obradoiro de consciencia e crecemento persoal. Mindfulness. Sentir o teu ser e gozalo pasa por habitar enerxéticamente o teu corpo. Bailaremos,cantaremos... e abriranse as comportas do teu corazón...e no compartir seguiremos medrando por dentro.

Dirixido a: maiores de 18 anos.

Qué precisas: gañas de conectar co teu corpo.

Facilitadores: Nelly Baldomir

Más info: <http://www.nellybaldomir.com/>



Datas: 3 de Xuño

Horario: de 17 a 19 horas

Lugar: zona verde ([ver mapa](#))

Actividade: en grupo, gratuita

Participantes: 15

Claves: sentidos, conectar, natureza

En caso de choiva, a actividade trasladarase ao centro cívico.

Se o desexas, podes realizar unha achega que irá destinada á ONG Miradas do Mundo.



Descripción da actividad:

A Romaría Verde é a festa de fin de festival que preparamos para vos. Convidámossos a achegarvos a compartir-lo día coas xornadas de contraconsumo, pequenos obradoiros, produtos locais, as comidas comunitarias e as sorpresas que preparamos para disfrutar entre tod@s



⌚ **Data:** Domingo, 4 de Xuño

🕒 **Horario:** de 14 a 16 horas

📍 **Lugar:** todo o parque

﴿ **Actividade:** en grupo, gratuita

✓ **Claves:** sentidos, conectar, natureza, compartir

MERCADIÑO DE PRODUTOS LOCAIS E ARTESANAIS



Descripción da actividade:

Mercadiño de artesáns e artistas locais que encherán o parque de arte, produtores da zona con ricas verduras e froitas, deliciosos petiscos e mesas informativas de ONGs para dar a coñecer os seus proxectos e iniciativas.

Unha forma diferente de gozar o domingo no parque, paseando entre os postos, coñecendo, degustando e descubrindo iniciativas locais diferentes e diversas.

Actividade integrada na xornada de Contraconsumo (Romaría Verde)



📅 Datas: 4 de Xuño

⌚ Horario: de 11 a 18 horas

📍 Lugar: Praza principal do parque ([ver mapa](#))

✓ Claves: reciclar, compartir, arte



Descripción da actividade:


Contra a cultura do consumismo, de comprar, usar e tirar, darlle unha segunda oportunidade aos obxectos é revolucionario. É preciso cambialo por un consumo consciente, apostando por obxectos cunha vida útil longa, arranxar antes que tirar, reutilizar, intercambiar antes de tirar.

Por iso convidamos a veciñas e veciños, pequenos e maiores a saír á rúa do parque con aqueles obxectos que non queiran, para intercambialos ou regalalos.

Actividade integrada na xornada de Contraconsumo (Romaría Verde)



- 📅 **Datas:** 4 de Xuño
- 🕒 **Horario:** de 11 a 14 horas
- 📍 **Lugar:** mesa cuberta ([ver mapa](#))
- ✓ **Claves:** sentidos, conectar, compartir, arte, reflexión



Descripción da actividad:

Encontro de xente diversa con diferentes coñecementos e intereses con ganas de compartir esta experiencia para axudar a reparar e recuperar obxectos de forma colaborativa.

Unha forma de reflexionar sobre esta sociedade de consumo na que vivimos, na que prevalece a obsolescencia. E desta forma apostar por arranxar fronte tirar, reutilizar antes que comprar e impulsar e crear lazos de comunidade e interxeracionais.

Actividade integrada na xornada de Contraconsumo (Romaría Verde)



📅 Datas: 4 de Xuño

⌚ Horario: de 11 a 14 horas

📍 Lugar: mesa cuberta ([ver mapa](#))

✓ Claves: reciclar, compartir, arte



Descripción da actividad:

Durante a xornada de contraconsumo pequenos concertos en formato acústico e de música galega revitalizarán e animarán a xornada no parque, levando música a escenarios diferentes, un escenario aberto e natural.

Contaremos e cantaremos con grupos como "Cantareiros de Naval", grupo de Oleiros especializado en recuperar a tradición dos cantos de taberna e do grupo "Miss Lane & The Kryptonians" formado por Claudia de Bartolomé (voz), Olalla Ferga (percusión), Dumia Pernas (guitarra). Versions en acústico banda de rock.

Actividade integrada na xornada de Contraconsumo (Romaría Verde)



- 📅 Data:** 4 de Xuño
- ⌚ Horario:** de 12 a 20 horas
- 📍 Lugar:** zona mesas ([ver mapa](#))
- โปรแ� Actividade:** gratuita
- ✓ Claves:** sentidos, conectar, natureza, arte

Se o desexas, podes realizar unha achega que irá destinada á ONG Miradas do Mundo.



Descripción da actividad:

Durante a xornada de contraconsumo, saca o mantel, prepara unha comida rica e ven a desfrutala e compartila no parque, nun escenario aberto e natural.

Actividade integrada na xornada de Contraconsumo (Romaría Verde)



- 📅 Datas:** 4 de Xuño
- ⌚ Horario:** de 14 a 16 horas
- 📍 Lugar:** todo o parque ([ver mapa](#))
- ▢ Actividade:** gratuita
- ✓ Claves:** sentidos, conectar, natureza, compartir



Descripción da actividad:

Recital poético onde achegaremos a poesía a todos os públicos, dunha forma aberta e diferente. Animación mesturando poesía, música e teatro.

Micro aberto para todo aquel que queira compartir as súas creacións, ler os seus poemas favoritos, un momento para crear e compartir, gozar.

Actividade integrada na xornada de Contraconsumo (Romaría Verde)



Datas: 4 de Xuño


Horario: de 18 a 19:30 horas

Lugar: zona ([ver mapa](#))

Actividade: gratuita

Claves: sentidos, conectar, natureza, compartir, arte, imaxinación, crear

Se o desxas, podes realizar unha achega que irá destinada á ONG Miradas do Mundo.



Descripción da actividad:

Detente. Pecha os ollos. Escoita. Sintelo?

Párate. Abre os ollos. Mira. Que ves?

Descobre un paseo de sensacións polo parque, en silencio, e grava aquilo que che chame a atención: captura co teu móvil, sons ou imaxes, pequenos vídeos...o que queiras. Risos, silencio, o trinar de paxaros, o cruxir de follas. unha forma colaborativa de crear un mosaico de sensacións.

Envía o teu material ao [correo do Colectivo Loairas](#) ou súbeo ás redes sociais cos hashtags [#cazadesonseimaxes](#) [#amargaritaverde](#) [#culturadebarrio](#) Desta maneira poñeremos de manifesto a arte e o latexar da natureza que nos pasa desapercibida no día a día e combatiremos esta desconexión.

Dirixido a: pequenos e grandes, a partir de 5 anos.

Qué precisas: un móvil ou unha cámara.

Facilitadores: colectivo Loairas.



- | | | |
|--|-----------------------|---|
| | Datas: | durante todo o festival |
| | Horario: | calquera hora é un bo momento |
| | Lugar: | todo o parque (ver mapa) |
| | Actividade: | individual, en grupo, gratuita |
| | Participantes: | sen límite |
| | Claves: | arte, imaxinación, crear, compartir, natureza, sentidos, conexión |



Descripción da actividad:

A arte vincúlase maioritariamente a intervencións concretas en lugares específicos como museos e galerías, habitualmente lugares pechados que permite unha mínima interacción co espazo e o espectador.

Que pasaría se sacaramos estas manifestacións artísticas á rúa? E se as poñemos ao alcance de todos?

Tecendo fíos entre as árbores construiremos un espazo expositivo natural e diferente, respetando o medio e sen danalo, compartindo arte con todo aquel que pasee polo parque. Deste xeito obras de artistas locais penduraran entre as ramas das árbores, integrándose na natureza, intercalando poesía e instalacións que evoquen o sentimento de pertencer a ela.



- 📅 Data:** todo o festival
- ⌚ Horario:** todo el día
- 📍 Lugar:** zona do muíño ([ver mapa](#))
- โปรแ� Actividade:** gratuita
- ✓ Claves:** sentidos, conectar, natureza, compartir, arte, imaginación, crear



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA

coruna.gal

IMCE
INSTITUTO MUNICIPAL DE ESTUDIOS CORUÑESES

CORUÑA
➤PRÓXIMA